

Sábado, 27 de setembro

RUTA POLOS ANCARES: SUBIDA A TRES BÍSPÓS DESDE CAMPA DA BRAÑA E AVESEDO DE DONÍS

Punto inicio: Campa da Braña
Punto final: Donís (Cervantes)
Distancia da ruta: 12 km
Dificultade: media-alta



Puntos de interese:


Reserva da Biosfera "Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá" • ZEC Ancares – Courel • ZEPA Ancares • Pico de Tres Bispos • Avesedo de Donís • Fraga de Cabanavella • Campa de Brego • Ría Vara • Arquitectura tradicional: Pallozas

Visita cultural: Palloza Museo - Casa do Sesto - Piornedo.

Sábado, 11 de outubro

RUTA DA FRAGA AOS MUÍÑOS - MESÍA

Punto inicio: Os Ricos (Mesía)
Punto final: Ponte Carballa (Mesía)
Distancia da ruta: 7 km
Dificultade: baixa



Puntos de interese: Brañas de Valga • Fraga de Areosa • Paisaxes agrarias e forestais • Muíños de Queiroa, Batán e A Cubela • Aldeas da Carballa e Leborís • Carballeira de Santo Antón • Área de lecer de Ponte Carballa • Río Samo

Visita cultural: Granxa ecolóxica "Casa Grande de Xanceda" ou Aula de natureza Brañas de Valga

Sábado, 25 de outubro

RUTA POLA COSTA DO VICEDO NA MARIÑA LUCENSE

Punto inicio: Porto de O Vicedo (O Vicedo)
Punto final: Praia de Area Grande - San Román do Val (O Vicedo)
Distancia da ruta: 13 km
Dificultade: baixa

Puntos de interese: ZEPA Costa da Mariña Occidental • Ría do Barqueiro e Ría de Viveiro • Praias de Vidreiro, Area Grande e Xilloi • Praia de Caolín e Fábrica de Salga • Vistas sobre a Illa Coelleira • Igrexa de Santo Estevo do Vicedo • Vila de Viveiro

Visita cultural: Complexo cultural e museístico Regal-Xunqueira e vila de Viveiro

Andares por Galicia

Obxectivos:

- Descubrir as características máis importantes a nivel natural, social e cultural das zonas que visitemos e xerar conciencia de coidado e protección do patrimonio natural e cultural.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo de participantes nun ambiente aberto e favorecer hábitos saudables de ocio no medio natural.

Características das saídas:

- Todas as saídas contarán con ata 3 guías especializados/as e están dirixidas a persoas maiores de idade, agás as dúas rutas familiares.
- As rutas familiares están dirixidas a familias, nas que poderán participar menores que como mínimo cumpran 6 anos no ano da actividade, e o pai e a nai ou titor/a legal.
- Nas rutas familiares **deberán inscribirse, como mínimo, un/unha menor máis un/unha proxenitor/a ou titor/a.** Poderán participar fillos/as maiores de idade.
- No caso de que só participe un dos proxenitores permítese a inscrición dun máximo dunha persoa adulta acompañando a familia.
- No caso de quedar prazas vacantes o Concello resérvase o dereito de valorar a participación doutras persoas vinculadas á familia participante.
- Ofértanse 40 prazas para cada unha das saídas, cun prezo público de 23 euros para persoas adultas e 6 euros para menores de idade nas rutas familiares, e con preferencia para persoas empadroadas no Concello de Oleiros.
- Todas as saídas serán en sábado, con saída prevista de Oleiros sobre as 8.00 da mañá e volta a última hora da tarde, cun horario máis reducido no caso das rutas familiares.
- O xantar e as bebidas das persoas participantes correrán pola conta de cada quen.
- As datas previstas inicialmente poderán sufrir algunha variación ao longo do desenvolvemento do programa e as distintas saídas poderán ser anuladas individualmente ou modificadas por circunstancias debidamente xustificadas.
- Recoméndase roupa axeitada e cómoda e calzado específico para a actividade de sendeirismo, auga, gorro ou gorra, crema solar, bastón/s (opcional) e froita ou froitos secos para levar na mochila durante a ruta.

INFORMACIÓN NO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Inscricións a través da sede electrónica

A Fábrica. Rúa do Inglés, nº 13 – 15172. Perillo (Oleiros)

Tel.: 981 636 598 • 981 610 000 Ext.: 4915 e 4916

r.caparros@oleiros.org • cultura@oleiros.org

Andares por Galicia

A CULTURA DA NATUREZA 2025



Saídas e rutas culturais pola nosa comunidade autónoma co fin de dar a coñecer, protexer e revalorizar a natureza e a nosa contorna como patrimonio cultural.

Concello de  Oleiros

Sábado, 22 de febreiro

RUTA DA FERVENZA DO TOXA AO MOSTEIRO DE CARBOEIRO E ENTROIDO DOS XENERAIS DO ULLA

Punto inicio: Aparcamento do Miradoiro da Fervenza do Toxa (Silleda)

Punto final: Mosteiro de Carboeiro (Silleda)

Distancia da ruta: 9,5 km

Dificultade: media-baixa



Puntos de interese: Sistema fluvial Ulla-Deza • Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro • Ponte do Demo • Fervenza do Toxa • Área recreativa, praia fluvial e ponte de A Carixa • Entroido tradicional dos Xenerais da Ulla .

Visita cultural: Entroido tradicional dos xenerais da Ulla. Iremos ver un "Atranque" nalgunha das parroquias que o celebran

Sábado, 29 de marzo

RUTA POLA COSTA ÁRTABRA: DO FARO DE MEIRÁS Á PRAIA DE SANTA COMBA

Punto inicio: Faro de Meirás (Valdoviño)

Punto final: Praia de Santa Comba. Covas. (Ferrol)

Distancia da ruta: 18,5 km

Dificultade: media

Puntos de interese: ZEC Costa Ártabra • Faro de Punta Frouxeira • Ermida de Nosa Señora do Porto (La muerte y la doncella) • Praias de Meirás, Campelo, Casal e Ponzos • Castro de Pena Lopesa • Pena Molexa e a súa lenda • Cantís da Costa Ártabra • Praia e Ermida de Santa Comba

Visita cultural: Museo do Humor de Fene



Sábado, 26 de abril

RUTA POLOS VIÑEDOS E OLARÍA DA RIBEIRA SACRA DO CABE E O SIL

Punto inicio: San Miguel de Rosende (Sober)

Punto final: Os Chancís (Sober)

Distancia da ruta: 12,5 km

Dificultade: media

Puntos de interese:

Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras de Oribio e Courel • ZEC Canóns do Sil • Paisaxe tradicional: viñedos en socalcos • Casa Grande de Rosende, pazo galego • Canón do río Cabe • Petróglifo de Nogueira • Canón do Sil • Muíños do río Xábrega • Miradoiro e embarcadiro dos Chancís

Visita cultural: Rectoral de Gundivós. Olaría tradicional



Sábado, 10 de maio

RUTA CIRCULAR DA INSUA E PRAIA DE ARIÑO-CAMARIÑAS

RUTA FAMILIAR

Punto inicio e final: Praia e área de lecer de O Ariño (Xaviña-Camariñas)

Distancia da ruta: 7,5 km

Dificultade: baixa

Puntos de interese: Ría de Camariñas. Avifauna e traballos marisqueiros • Praia, piñeiral e área de lecer do Ariño • Praias: Rego dos Coiros e Ariña Branca • Alto da Insua. Panorámica da ría e porto pesqueiro • Mina de volframio de Amparo • Fonte de Agramar • Desembocadura do río Lamastredo • Pazo de Paxariñas

Visita cultural: Castelo de Vimianzo



Sábado, 31 de maio

RUTA POLO COUREL: DA DEVESA DA ROGUEIRA Á SEARA E FERVENZA DE VIEIROS

Punto inicio: Alto do Couto (Folgo do Courel)


Punto final: Vieiros- A Seara (Quiroga)

Distancia da ruta: 12 km

Dificultade: media-alta

Puntos de interese: Devesa da Rogueira • Fontes do Cervo, augas calcáreas e ferruxinosas • Miradoiro do Pico Polín • Campa da Lucenza • Lagoa glaciaria da Lucenza • Fervenzas do Fócaro e de Vieiros no río Selmo • Aldea de montaña de A Seara • Castelo de Carbedo • Microreserva de orquídeas do Alto do Couto

Visita cultural: Museo Etnográfico de Quiroga ou Colección de Instrumentos de Música de Raíz da Fundación Legar na Seara



Sábado, 28 de xuño

RUTA POR RIANXO: DO ALTO DA MURALLA E RÍO TÉ ATA RIANXO

Punto inicio: Monte da Muralla (Rianxo)

Punto final: Rianxo

Distancia da ruta: 15 km

Dificultade: media

Puntos de interese: Miradoiro Monte da Muralla, vistas ás rías de Arousa e Muros-Noia • Aldeas de Campelo, A Ermida e A Ferrería • Muíños de Quintáns, A Marquesa e Francuín. Río Te • O pozo Bastón, fervenciñas • Áreas de lecer das Miráns e da Laxe • Paseo marítimo de Rianxo, coa galería aberta a 4 grandes autores rianxeiros: Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste e Brea Segade • O Castelo da lúa, antigo castelo medieval • A ría de Arousa, paisaxe natural e cultural • O poeta modernista Manuel Antonio • Porto de Setefogas • Casco vello de Rianxo

Visita cultural: Visita guiada á Casa Museo Manuel Antonio

